

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P MANUEL CORDO BOULLOSA
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL. PRIMARIA
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1º CURSO

1º-EMB1.1.3-Recoñece e discrimina os sons do seu contexto sen erros importantes.

1º-EMB1.5.1-Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra sen erros importantes.

1º-EMB2.1.1-Repite esquemas rítmicos escoitados.

1º-EMB2.3.3-Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.

1º-EMB3.1.1-Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

1º-EMB2.3.1-Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas con alguna dificultade.

2º CURSO

2º-EMB1.5.1-Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas sen erros importantes.

2º-EMB2.3.1-Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas sen erros importantes.

2º-EMB3.1.2-Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

2º-EMB2.1.1-Repite esquemas rítmicos escoitados sen erros importantes

2º-EMB2.4.3-Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol sen erros importantes.

2º-EMB3.1.1-Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música con alguna dificultade.

3º CURSO

3º-EMB1.3.1-Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais con algunhas incorreccións

3º-EMB2.1.2-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos con algunhas incorreccións

3º-EMB2.1.1-Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras con algunhas dificultades

3º-EMB2.2.2-Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

3º-EMB3.2.1-Control a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas con algunhas dificultades

3º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria

4º CURSO

4º-EMB1.2.1-Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto con algunha dificultade

4º-EMB1.3.1-Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais con algunhas incorreccións

4º-EMB2.1.1-Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras con algunhas dificultades

4º-EMB2.2.2-Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

4º-EMB3.2.1-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas con algunhas dificultades

4º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó seguindo instrucións, con algunhas dificultades cun resultado correcto.

5º CURSO

5º-EMB1.2.1-Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto con algunha dificultade

5º-EMB2.1.1-Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras con algunhas dificultades

5º-EMB2.1.3-Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento

5º-EMB2.2.3-Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

5º-EMB3.2.1-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

5º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.

6º CURSO

6º-EMB1.1.1-Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso con algunha dificultade e algunha incorrección

6º-EMB1.2.1-Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas

6º-EMB2.2.2-Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras sen dificultade destacable e algunhas incorreccións

6º-EMB2.2.6-Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

6º-EMB3.1.2-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas con bastante habilidade e seguridade

6º-EMB3.1.5-Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Avaliación continua
Cualificación final	Instrumentos: Rexistro do seguimento do alumno. Gravación de vídeos dos alumnos. Realización de obras plásticas. Actividades online
	No procedemento para obter a cualificación final de curso seguindo unha avaliación continua podémosnos encontrar dous casos, partindo de que non existe ningún alumno/a coa primeira ou segunda avaliación suspensas. Primeiro, ca nota final sexa igual, nunca menor ca da segunda avaliación. Segundo, que o alumnado aumente de un a dous puntos con respecto á nota do segundo trimestre, tendo en conta o seu comportamento na aula e a súa responsabilidade no traballo individual e colectivo durante os dous primeiros trimestres, así como a súa actitude no terceiro trimestre contrastada co titor ou titora do alumnado.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Realizar a gravación de pequenos vídeos na casa coa súa familia, cantando, bailando, uníndolos todos facendo un vídeo grupal. <p>Fíxose un só envío por internet aos blogs dos distintos ciclos coas actividades do terceiro trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none">- Repasar as figuras musicais cos seus silencios e a súa duración, premendo nos enlaces.- Facer ritmos xa traballados na aula con distintos grados de dificultade- Volver a escuchar audicións de Vivaldi, Bach, Mozart, Oscar Arriagada, René Calderón e Carlos Núñez, que aparecen nos distintos enlaces.- Reforzamos coa audición do Carnaval dos animais de Camille Saint-Saëns, e as súas distintas coreografías.- Ampliamos coa bibliografía e curiosidades dos autores xa coñecidos
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O traballo no terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao repaso, reforzo e recuperación tendo en conta a situación de cada alumna ou alumno, coa fin de non sobrecargas e sobrecargalos (servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final).</p> <p>Para todo o alumnado procúrase unha metodoloxía interactiva na que se establece unha comunicación entre alumnado (familias) e o profesorado a través de diversas ferramentas: páxina web, correo electrónico, whastapp e Tokapp school.</p> <p>Para os casos sen conectividade, que son poucos, e algún caso no que por causa das profesións dos pais non poden ter contacto directo coa filla ou fillo, establecemos un día de entrega e recollida no centro do material para a semana correspondente. Ademais, para seguemento e correccións do alumnado sen conectividade emprégase tamén o teléfono, tanto o persoal do profesorado como o do centro (acivado desvío de chamadas).</p> <p>Na metodoloxía e o deseño das actividades tense en conta que o entorno e a situación familiar xogan un papel fundamental.</p> <p>A distribución do tempo na casa en función das distintas situación familiares e de desenvolvemento do alumnado é un criterio fundamental á hora de deseñar as actividades.</p>
Materiais e recursos	Enviámos ás familias enlaces a páxinas web educativas e lúdicas que complementan a aprendizaxe dos distintos contidos.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias das modificacións da programación do curso 2019-20 pola situación extraordinaria que esta a acontecer e enviaráselle, polos medios de contacto que estamos a utilizar, o enlace a páxina web do centro onde se publicará.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro con accesibilidade á comunidade educativa.